



Entreponetes, unha revista escolar para desenvolver competencias

O IES Campo de San Alberto edita a revista *Entreponetes*, na que participan todos os niveis educativos. Aínda que a publicación naceu coa idea de enriquecer o currículo das rapazas e rapaces que presentan un alto rendemento, axiña se decataron os docentes de que este medio tiña enormes posibilidades para todos, incluídos os que presentan dificultades de aprendizaxe. Así é como deciden estendela a toda a poboación escolar e hoxe contan con dezaoito grupos no seu Comité de Redacción. Cada un representa a un departamento didáctico e a súa composición vén motivada polo interese do alumnado cara a unha área determinada.

Na opinión de Chefa Lorenzo, profesora especialista en Pedagogía Terapéutica e coordinadora da publicación, a revista deulle un pulo moi importante ao Plan Lector e ao Plan TIC que levan a cabo no centro. Os aprendices de xornalistas teñen a ocasión de coñecer a realidade social, tanto do contorno máis próximo como dos lugares máis afastados, e traballan sobre a nova en diferentes áreas. Len, debaten, escriben e lánzanse a entrevistar personaxes de especial relevo, o que lles permite entrar en contacto coa actualidade e co mundo do traballo.

As entrevistas publicadas neste número dan boa conta do excelente nivel destes rapaces e rapazas. Axudados por un profesor, preparan os cuestionarios, conversan e gravan. "A transcripción é o máis difícil", recoñecían dúas alumnas o día da presentación, porque "hai que limpar as ideas, ordenalas e expresalas con claridade".

Tamén os valores están presentes neste proxecto. O imprescindible traballo cooperativo, no que todos os alumnos perseguen un obxectivo común e no que o éxito individual depende do éxito dos compañeiros, favorece o respecto á diferenza e á tolerancia, e proporciona un escenario idóneo para resolver os conflitos de maneira pacífica.

En resumo, estamos ante un recurso que ademais de enganchar os rapaces ao campo do saber, pon á súa disposición ferramentas para moverse polo mundo dunha maneira crítica e construtiva.

Accede dende aquí á revista:

http://saedacuncha.files.wordpress.com/2010/06/revista_entreponetes_2010_litonor.pdf



Imprimir páxina

máis novas

Santiago de Compostela é durante todo o mes de decembro a sede internacional para o fomento da cultura de paz

Pisa 2009: España obtén resultados algo mellores ca en 2006, pero segue por baixo da media

España, un país con atractivo para investigar

Voz Natura é premiada polo seu traballo a favor do medio ambiente

Proposición non de lei que trata de impulsar a educación inclusiva

Finou Herminio Barreiro Rodríguez

"European Job Day 2010" - Xornadas Europeas de Emprego 2010

Juvenes Tradutores

Visitas ao Parlamento Europeo

Máis euro, menos crise, máis Europa!

Reinicianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

Entreponetes, unha revista escolar para desenvolver competencias

Declaración mundial "Aprender a través do xogo". OMEP 2010

Eurydice, a rede europea de información sobre educación

Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema

[ver máis](#)

O MÁIS VISTO

[Accesibilidade do sitio web](#)

[Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema](#)

[Eurydice, a rede europea de información sobre educación](#)

[Declaración mundial "Aprender a través do xogo". OMEP 2010](#)

COLABORA COA REVISTA

[Cartas á directora](#)

[Experiencias](#)

[Investigación](#)

[Foro](#)

OUTRAS SECCIÓNS

[Axenda](#)

[Actualidade: Eurydice](#)

[Tribuna](#)

[Mediateca](#)

[Que é](#)

[Lexislación](#)

[Hemeroteca](#)

[Editorial](#)


[Blogs](#)

[Créditos da revista](#)

Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias

Reinicianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

© Xunta de Galicia - Contacta coa Revista Galega do Ensino - Accesibilidade

 Pode subscribirse a esta web cun lector de feeds